

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	INGLÉS	Pág.	
Curso	5º de Educación primaria		
Profesor/a	ELISA PAIS LÓPEZ		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)**1ª AVALIACIÓN**

Verbo to be en afirmativa, negativa e interrogativa.
Números cardinais e ordinais.
Os artigos e as formas de plural.
Os países e as nacionalidades.
Os adxectivos en grao comparativo e superlativo.
O presente simple: rutinas diarias.
O presente continuo.
Adverbios de frecuencia.
Halloween.
Christmas.

2ª AVALIACIÓN

Pasado simple do verbo to be.
Lugares.
Pasado simple dos verbos regulares: found, had, ran, saw, went, wrote.
As profesións.
Instrucións para chegar aos sitios.

3ª AVALIACIÓN

Partículas interrogativas: who / how / where / when/ what.
O pasado simple do verbo Can.
Verbo have to (obriga).
As prendas de roupa.
Novas tecnoloxías e aparellos electrónicos.
Actividades ao aire libre.
O futuro de intención: to be going to.

OBXECTIVOS

- Comprender e representar correctamente as ordes orais e as expresións escritas obxecto de estudio.
- Comprender a información global e específica de textos orais e escritos sinxelos referentes a obxectos, situacións e acontecementos coñecidos.
- Utilizar a lingua inglesa de forma oral para comunicarse co profesor e cos compañeiros en situacións habituais da clase.
- Respectar as distintas aportacións dos compañeiros na clase de inglés.
- Ler de forma comprensiva textos breves traballados con anterioridade de xeito oral, relacionados coas súas experiencias e intereses.
- Ler de forma comprensiva as súas propias produccións escritas.
- Valorar a importancia de comunicarse nunha lingua estranxeira e a propia capacidade para aprendela.
- Respectar costumes e tradicións das persoas doutras culturas amosando unha actitude

comprensiva e respetuosa.

-Manexar con destreza e asiduidade as convencións lingüísticas e non lingüísticas básicas máis comúns da lingua inglesa: saudos, presentacións, frases feitas, etc.

-Evocar o coñecemento doutras linguas para aprender a lingua inglesa.

METODOLOXÍA

COMPRENSIÓN ORAL: Comprensión global dos textos orais e comprensión específica de datos sinxelos en situacións contextualizadas.

EXPRESIÓN ORAL: O alumno incorpora de forma xeneralizada estratexias verbais e non verbais que lle permiten emitir unha mensaxe comprensible.

Os alumnos farán uso de expresións feitas aprendidas a través das distintas actividades.

COMPRENSIÓN ESCRITA: Preparar ó alumno para a lectura de textos axeitados coa axuda do profesor ou do dicionario.

EXPRESIÓN ESCRITA: As actividades de escritura están destinadas a que o alumno se familiarice coa forma escrita de palabras coñecidas oralmente e realice pequenos textos sobre un tema traballado.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial para comprobar a situación actual.

Avaliación continua e sistemática que acompaña en todo momento ó proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Avaliación sumativa ó final do proceso ensinanza-aprendizaxe para determinar se conseguimos aqueles obxectivos propostos.

Instrumentos de avaliación empregados: intervencións orais na aula , fichas de traballo, controis, uso da pizarra dixital.